

**Resolución da Oficialía Mayor do Parlamento de Galicia sobre a designación dun substituto para o Vogal 2 e secretario da mesa electoral das eleccións á xunta de persoal.**

Con data 17 de xaneiro de 2025, resolveuse designar ás persoas que compoñen a mesa electoral das eleccións á xunta de persoal, de conformidade co disposto no artigo 6 das Normas reguladoras:

*“A mesa electoral estará constituída polo presidenta ou a presidenta, que será o funcionario ou a funcionaria de mais antigüidade, de acordo co tempo de servizos recoñecido, e dous vogais, que serán os funcionarios ou as funcionarias de maior e menor idade de entre os incluídos no censo correspondente, e o de menor idade actuará como secretario. Designaranse suplentes a aqueles funcionarios que, á súa vez, sigan aos titulares da mesa electoral na orde indicada de antigüidade ou idade.”*

Consultados os datos referidos á idade e antigüidade do persoal funcionario desta Administración, designouse para formar parte da mesa electoral deste proceso ás seguintes persoas:

TITULARES

**Presidenta:** Isabel Rodríguez López

**Vogal 1:** Francisco Javier Freire González

**Vogal 2 e secretaria:** Natalia Noya Corbelle

SUPLENTES

**Presidente:** Carlos Díaz Abreira

**Vogal 1:** Hixinio Estévez Adán

**Vogal 2 e secretario:** Cristian Pernas Rubal.

Con data do 12 de febreiro de 2025, o funcionario Cristian Pernas Rubal presenta escrito anunciando a súa candidatura á Xunta de Persoal e o conseguinte cese na mesa electoral.

Segundo dispón o artigo 11.4 das Normas reguladoras das eleccións á Xunta de Persoal da Administración do Parlamento de Galicia, cando calquera dos compoñentes dunha Mesa sexa candidato cesará na mesma e substituirao nela o seu suplente.



PARLAMENTO  
DE GALICIA

Polo exposto, désígnase a Silvia Martínez González como “Vogal 2 e secretaria suplente” en substitución de Cristian Pernas Rubal.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica.

O letrado oficial maior.